



CLUB DEPORTIVO NÁUTICO DE MIÑO (A CORUÑA)



Porto de Miño s/n 15630 Miño Teléfono: 981784 026

HISTORIA

No mes de novembro de 1997 un grupo de veciños de Miño impulsa a iniciativa para a creación dun club deportivo para a promoción e fomento dos deportes náuticos, no marco do Porto de Miño.

As infraestructuras do Porto de Miño ampliáranse nos anos anteriores, se ben eran moitas as súas carencias, tal como a falta dunha entidade que agrupara ós usuarios do porto, e tomara a iniciativa de cara á xestión dos embarcadiros, e ás peticións de melloras dos servizos para as embarcacións deportivas.



Primeira xunta directiva (1998)

Danse os primeiros pasos e fúndase o club, coa aprobación dos seus estatutos, e a elección dunha comisión xestora, ata a celebración das primeiras eleccións á xunta directiva. Os fins fundacionais do club eran a promoción dos deportes náuticos, a xestión deportiva do Porto de Miño, e a consecución dunha instalación para o establecemento da sede social do club.

De seguido e nos primeiros meses de 1998 créanse as seccións deportivas de remo e piragüismo, e a asemblea xeral de xaneiro do mesmo ano acorda a proposta de nomeamento de Socio de Honra a prol de D. Manuel Fraga Iribarne, en consideración ós seus moitos méritos na defensa e promoción de Miño.



Acto de entrega do nomeamento de socio de honra a D. Manuel Fraga Iribarne (1998)

No mesmo ano de 1998 comézase coa formación das seccións deportivas por medio de cursos de iniciación ó remo e ó piragüismo, e no verán participábase por primeira vez no Gran Premio de Promoción de Piragüismo.

O principal problema que tiña o club no seu principio era a falta de medios, tanto materiais como económicos, e a xunta directiva impulsa o investimento en material deportivo, en especial de embarcacións, para poder impartir os cursos de iniciación e principia-la participación nas competicións deportivas.

Neste ano ano a Deputación da Coruña por medio do Plan 2000 de Deportes aproba a convocatoria de subvencións ós concellos da provincia para a solicitude de instalacións de remo e piragüismo, e o club ve nela a oportunidade histórica que non se debe de deixar pasar, e así entabla as primeiras conversas cos distintos grupos que conforman a Corporación Municipal para a solicitude desta instalación, e o concello sensible á nosa problemática e identificado cos nosos intereses acorda por unanimidade s súa solicitude. E iníciase unha nova etapa que remata neste ano 2001, coa súa inauguración e o convenio de cesión a prol do Club Deportivo Náutico de Miño.



Primeira participación en probas de piragüismo. Muiños (1998)

Nos anos de 1998, 1999 e 2000, á espera da instalación, o traballo da xunta directiva encamñase á promoción e potenciación das seccións deportivas e así no 2000 os recursos do club son xa considerables. O club medra en tódolos aspectos, tanto socialmente, con 271 socios de número, como de deportistas e supérase a cifra máxica de 100 deportistas nunha sola tempada, distribuídos en remo, piragüismo e windsurf.

Foron moitas as xestións e peticións realizadas perante a Xunta de Galicia de cara a ampliación dos embarcadiros, melloras e solicitude de concesión da xestión dos mesmos a prol do club. A problemática do Porto de Miño coa súa falta de calado suficiente para o desenvolvemento normal da actividade portuaria, a súa orientación xeográfica sensible os temporais co compoñente sur, foron os principais problemas cos que se encontrou a xunta directiva para acadar o noso obxectivo. O feito de contar na nosa ría con outros portos deportivos tampouco nos facilitou o noso traballo, e se a isto sumamos que en Miño non hai na actualidade actividade económica relacionada coa pesca, agás a marisqueira, supuxo a moi difícil xustificación das nosas propostas



REMO

A liña ascendente da sección de remo quedou reflexada nos resultados da tempada 2001. Dende principios de ano tivemos claro que o futuro desta sección pasaba pola promoción deste deporte entre a xente xove de Miño, e acudimos ó colexio a dar charlas e a captar a mozos e mozas que de seguido inscribíronse nos cursos gratuitos de iniciación. Estes duraron ata o mes de xuño, e o resultado foi que se duplicou o número de deportistas da sección, chegando a ter neste ano a 31 deportistas na sección.

Despois de tres tempadas, hoxe temos catro bateis e unha trainerilla. Esta última recentemente adquirida e que nos posibilitará competir noutra nova modalidade.



Deportistas de remo galardoados na tempada 2001

O adestramento nas embarcacións complementábase coa preparación física que se imparte no ximnasio da instalación e cos medios audiovisuais do club.

Para poder ingresar na sección de remo é preciso ser socio ou beneficiario, ter unha idade mínima de 12 anos, saber nadar, e contar coa autorización paterna no seu caso. O prezo para a tempada 2002 será de 32€, e no que van incluídos o seguro, licencia federativa, material, viaxes ás probas, uso ilimitado do ximnasio, e asistencia ás actividades que se programen para eles.



Equipo feminino de remo



Infantís e técnicos, 2001.

PIRAGÜISMO

A confianza que a xunta directiva tiña posta na sección de remo e piragüismo e as previsións para a tempada 2001 superáronse polos resultados acadados polos nosos xoves deportistas.

O número de licencias federativas que se tramitaron na tempada foron 61, e os resultados nas distintas probas da Federación Galega de Piragüismo foron os seguintes:

- ❖ 21º posto no Gran Premio de Promoción de Infantís
- ❖ 27º na XII Copa Xunta de Galicia
- ❖ 28º no VI Gran Premio de Ríos e Travesías
- ❖ 34º no Gran Premio de Pista.

Melloráronse os resultados do ano anterior, e é salientable a progresión dos máis xoves, en especial dos infantís e alevíns, que son a nosa aposta de futuro, e dos que todos nos sentimos orgullosos.

As escolas de iniciación que se desenvolven ó longo do ano son o principal viveiro de mozos e mozas, nelas poden participar tódolos socios e os seus beneficiarios que saiban nadar, teñan unha idade superior ós 8 anos, conten coa autorización paterna, no seu caso, e soliciten a licenza federativa.

O prezo da actividade deportiva para o ano 2002 é de 32 €.

Neste prezo inclúese o seguro, licenza federativa, uso ilimitado do ximnasio e da instalación, viaxes ás probas, e asistencia ás distintas actividades que se organizan periódicamente para eles.

A xunta directiva neste ano seguiu co seu programa de adquisición de novo material, embarcacións, remos e complementos. E agardamos que cos beneficios da nova instalación deportiva, do seu adestramento diario e da preparación física específica, poidamos chegar a estar na élite do piragüismo galego.



Equipo de piragüismo, tempada 2001



Escola de iniciación á vela 2001



Curso de iniciación ó wind-surf

VELA

No pasado verán organizouse un curso de iniciación á vela lixeira, que significou inicio do club neste deporte e no que participaron 10 alumnos. O curso contou coa colaboración da Escola Municipal de Vela de Sada. A finais deste ano adquiriranse dúas ou tres embarcacións de vela lixeira e temos programado a realización de novos cursosno ano 2002.

Nos cursos poderán participar tódolos socios e os seus beneficiarios que saiban nadar e conten coa autorización paterna, no seu caso. A idade mínima será de 12 anos.

O prezo do curso de iniciación para o ano 2002 será de 90 € no que inclúe o seguro, licencia federativa, uso da instalación e do ximnasio ó longo da súa duración.

WINDSURF

Ó igual que nos últimos verás, neste ano 2001 celebraronse 2 cursos de iniciación ó windsurf no que participaron 26 persoas.

Nos meses de xullo e agosto do vindeiro verán celebraranse cursos de iniciación ano o prezo dos cursos de iniciación será de 60 € para os socios e os seus beneficiarios. Para os non socios 90 €. Os requisitos que deberán cumpri-los participantes serán: saber nadar, contar coa autorización paterna, no seu caso, e ter unha idade mínima de 12 anos.



XIMNASIA DE MANTEMENTO

Dende o mes de maio de 2001 estase a impartir un curso de ximnasia de mantemento polo profesor Jesús Martínez Sierra. As sesións son tres á semana, dunha hora de duración, os mércores e venres de 21 a 22 h, e os sábados de 18 a 19 h.

O prezo de dous días á semana para os socios e beneficiarios é de 13 € e para os non socios 20 €. Para os tres días e para 1 día....

Os asistentes poden usa-los vestiarios, duchas e os servicios comúns da instalación. O equipamento estase a mellorar, na procura de dar un mellor servizo a tódolos usuarios.

XIMNASIO

Na instalación deportiva está a dispor dos socios e beneficiarios o ximnasio. Conta cun equipamento completo no que non faltan bancos de abdominais, bancos de pesas, bicicletas, cintas, máquina multifuncións, remoergómetros e outros moitos complementos.

O prezo da actividade, por 3 horas á semana no ano 2002, será de 6 € ó mes para os socios e beneficiarios e de 12 € para os non socios. Os socios teñen a posibilidade de ter un abono anual ó prezo de 32€. Os deportistas das seccións deportivas teñen libre acceso.



Ximnasio da instalación deportiva

NOTICIAS

VISITA DE D. MANUEL FRAGA

O presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga Iribarne, visitou a finais do mes de agosto de 2001 a instalación deportiva do Club Deportivo Náutico de Miño, sita no porto da localidade, para coñece-la e interesarse pola xestión da sociedade. Neste acto, o presidente D. José Moreira expúxolle os distintos proxectos deportivos e sociais do club, o estado dos embarcadoiros e dos danos nos ribazos do estrada de baixada ó porto, producidos polos temporais do inverno do 2001. O presidente tomou boa nota e vinte días despois estabanse a comeza-los traballos de reparación do ribazo.



Con referencia ós embarcadoiros no mes de xaneiro comezou a dragaxe e cóntase que se remate o máis asiña para a instalación dos embarcadoiros e a iniciación do trámite de concesión das prazas ó club. Para isto estanse a realiza-las xestións precisas perante o presidente de Portos de Galicia D. Emilio García Gallego.


EMBARCADOIROS

Despois de catro anos, as numerosas xestións realizadas por este club de cara á dragaxe, ampliación e solicitude da concesión dos embarcadoiros do Porto de Miño o ente público Portos de Galicia, por medio do seu presidente D.Emilio García Gallego no mes de maio de 2001 comprometeuse a axiliza-la obra e proceder a tramitación da nosa solicitude de concesión. Por distintos problemas a dragaxe non se comezou ata este ano de 2002 e cóntase que no verán poidan estar en condicións de presta-lo seu servizo ós usuarios do Porto de Miño.

Segundo Portos de Galicia as prazas dos embarcadoiros ofreceranse en primeiro lugar á Confraria de Pescadores, para o uso das embarcacións no ámbito da mesma, e as restantes, aproximadamente 70, ofreceranse ós nosos socios.

Os socios que sexan propietarios de embarcacións deportivas poden solicita-la concesión dunha praza dos embarcadoiros que se concedan ó club. Para isto será necesario solicita-lo por escrito, xuntar unha copia do rol da embarcación, que deberá figurar ó nome do socio, e facer un ingreso en concepto de depósito polo importe de 90,15 €.

Os solicitantes incorporaranse á lista que para estos efectos está aberta e aprobada pola asemblea do club dende 1998, pola súa orde de inscrición, e as prazas que se poñan a dispor do club outorgaranse consonte a ela, segundo os criterios aprobados



Porto de Miño, dársena de atraque cos dous embarcadoiros de seis módulos.

As prazas non serán en propiedade. A concesión será a prol do club, e iste distribuiraa ós seus solicitantes. Deberán cumprí-los requisitos de estar dados de alta como socios, utilizala con regularidade e non poderá facer uso da praza ningunha outra embarcación que a que conste na súa solicitude. No caso de cambio da súa embarcación, deberá entrega-la documentación da nova. O socio que desfrute dunha praza deberá aboa-la cota que se acorde para o seu mantemento, e reintegra-los gastos que Portos de Galicia impoña ó club por cada unha das prazas.



Posta do sol no Porto de Miño

A NOSA INSTALACIÓN DEPORTIVA



Despois de varios meses da polémica xurdida pola ubicación e utilidade da nosa instalación deportiva, na que o club foi parte allea, aínda segue en certos ambientes do pobo a polémica viva. Agardabamos que tra-la súa posta en funcionamento, a utilización diaria fora un argumento suficiente para acalalas.

Pois ben, a xunta directiva segue orgullosa da instalación, e se cadra moito máis, xa que nos outros concellos limítrofes non hai ningunha que se lle asemelle, e así os de fóra saben valorala na súa xusta medida, con imparcialidade e obxectividade.

En Pontedeume, a asociación de hostelería en varias ocasións, a última no medio "El Comarcal", cuestiona como Miño pode ter esta instalación e Pontedeume non. En "La Voz de Galicia", os días 27 e 28 de outubro, publicáronse dous artigos, un da oposición ó goberno municipal de Betanzos e outro do propio alcalde, solicitando a construción dunha instalación de piragüismo "similar" á de Miño. E tamén a queren en As Pontes, A Coruña, Tuy, Catoira, O Grove, Ourense..... ¿Por qué será?



Porto de Miño, proba do G.P. Piragüismo, agosto 2001



Vista aérea da costa miñense, praias de Perbes, Miño e A Ribeira



Piragüismo (1999), co galpón de fondo.



Instalación deportiva do Porto de Miño (2001)



Festa do fin da tempada 2000, galardoados.



Campionato de bateis, Burela (1999)

Club Deportivo Náutico de Miño

Actividades do verán 2002.

Competicións no Porto de Miño:

28 de xuño Trofeo San Pedro de Piragüismo
30 de xuño, Trofeo San Pedro de Remo
3 de agosto, Gran Premio de Promoción da Federación Galega de Piragüismo

Escolas Deportivas:

Xullo e agosto:
-Escolas Deportivas Náuticas Municipais: **piragüismo, vela e windsurf.**
-Escola de iniciación o piragüismo: para socios e beneficiarios.
-Escola de iniciación ó remo: para socios e beneficiarios.
-Escola de iniciación ó windsurf: socios e beneficiarios e interesados en xeral.

Servicios deportivos:

Ximnasia de mantemento, 3 días á semana: socios, beneficiarios e interesados en xeral.

Ximnasio da instalación deportiva, aberto tódolos días: socios, beneficiarios e interesados en xeral.

Cursos:

Titulín

Finais de xullo, curso preparatorio para a obtención da autorización federativa para o manexo de embarcacións a motor, e probas oficiais a celebrar pola Federación Galega de Motonáutica no Porto de Miño. Socios, beneficiarios e interesados en xeral.

Primeiros auxilios

4, 11, 18, 23 e 27 de xullo, curso básico de primeiros auxilios impartido por personal titulado da A.L. de Voluntarios de Protección Civil de Miño. Dirixido ós deportistas, socios e beneficiarios do club

Outras actividades:

O C. D. Náutico colabora xunto co Hockey Miño e a P.D. Miño, C.F., na organización das seguintes actividades:

- Sardiñada da noite do San Xoán: 23 de xuño
- Festas do San Pedro: 28, 29, 30 de xuño, 1 e 2 de xullo.
- Festa do Carme: 16 de xullo.

Para calquera información dirixirse á instalación deportiva do C.D. Náutico no Porto de Miño, ou ben por calquera dos seguintes medios:

- Teléfono: 981 784 026
- Correo: C.D. Náutico de Miño. Porto de Miño s/n. 15630 Miño

